

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 591 - Profesores técnicos de formación profesional
Especialidade: 219 - Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico
Tribunal: 1

Criterios de Avaliación: Primeira proba - Parte A

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2021]

Criterios de Avaliación: Primeira proba - Parte A

PRIMEIRA PROBA (PARTE A+ PARTE B). PROBA DE COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS DA ESPECIALIDADE.

Esta proba terá por obxecto a demostración dos coñecementos específicos da especialidade docente de Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico, e constará de dúas partes que serán valoradas conxuntamente.

As probas poderanse facer indistintamente en galego ou castelán.

Para superar esta primeira proba o persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25 por 100 do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos (base décimoterceira da Orde do 24 de febreiro de 2020).

PARTE A (PROBA DE CONTIDO PRÁCTICO)

(pondera x 0,6)

Cualificación de 0-10 puntos

Puntuación mínima requirida 2,5 puntos

1. Presentación ordenada e clara utilizando unha terminoloxía apropiada sen erros ortográficos e correcta expresión sintáctica.
2. Adecuación ao preguntado ou ás indicacións dadas.
3. Formulación razoada de forma lóxica, con estrutura coherente a partir da análise da situación proposta.
4. Demostración de coñecementos actualizado da materia e dominio do fundamento e das habilidades necesarias para o desenvolvemento da práctica.
5. Presentación de resultados correctos e a súa interpretación correspondente.
6. Limpeza e orde na realización das probas prácticas ou supostos e/ou resolución de exercicios.
7. Xustificación didáctica e técnica aplicada a análise de actividades de ensino-aprendizaxe

Criterios de Avaliación: Primeira proba - Parte B

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2021]

PRIMEIRA PROBA (PARTE A+ PARTE B). PROBA DE COÑECIMENTOS ESPECÍFICOS DA ESPECIALIDADE.

Esta proba terá por obxecto a demostración dos coñecementos específicos da especialidade docente de Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico, e constará de dúas partes que serán valoradas conxuntamente.

As probas poderanse facer indistintamente en galego ou castelán

Para superar esta proba o persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25 por 100 do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos (base décimoterceira da Orde do 24 de febreiro de 2020).

PARTE B (PROBA DE CONTIDO TEÓRICO)

(pondera x 0,4)

Cualificación de 0-10 puntos

Puntuación mínima requirida 2,5 puntos

1. Presentación estruturada, cunha secuencia clara, coherente, lóxica e proporcionada en canto a contidos.
2. Coñecemento científico, profundo e actualizado de todo o contido do tema, utilizando correctamente a terminoloxía propia da especialidade.
3. Presentación lexible e ordenada do tema.
4. Redacción clara e correcta; ausencia de erros ortográficos, correcta construción gramatical.
5. Utilización e indicación correcta da bibliografía e/ou bases de datos actualizadas.
6. Orixinalidade e innovación

Nota. Cada exercicio será cualificado por todos os membros do tribunal, calculándose a cualificación coa media aritmética de todas as puntuacións (cando exista unha diferenza de tres ou máis enteiros serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas).